



Anna Figueiredo: “Creo nunha literatura que teña certo input social e que tamén supoña un reto”

[Montse Dopico](#) 4 de xaneiro de 2019

<https://praza.gal/cultura/anna-figueiredo-creo-nunha-literatura-que-tena-certo-input-social-e-que-tamen-supona-un-reto>

Olivia non estudou para emigrar. Pero ten que facelo, coma tantas persoas da súa xeración. No medio do seu proceso de adaptación, de reconstrución da súa identidade -e de choque coas súas propias expectativas sobre o país de acollida- dá por casualidade cun adolescente que lle vai mudar, dalgunha maneira, a vida. Nun contexto no que nada é o que parece. Todo é simulacro. Aparencia. Así é -ou polo menos así comeza - ‘Os bicos feridos’ (Galaxia), de Anna Figueiredo. Falamos con ela.

Unha rapaza emigra a Londres para traballar de au pair porque aquí non atopa saída ningunha. É o primeiro que nos conta a novela. Foi deste personaxe do que xurdiu a historia? Como naceu esta novela?

Si, é certo que a primeira impresión da novela, a primeira narración, sae de Olivia, que efectivamente é unha persoa galega que precisa aprender inglés e seguir formándose, para poder atopar unha saída a unha situación laboral precaria, mais a novela en si parte da historia de Samuel que, tamén por alusións, aparece no prólogo. ‘Os bicos feridos’, como conxunto, xorde da necesidade de falar e reflexionar sobre diversas realidades que eu creo que nos son moi próximas pero que pasamos por riba delas.

Por unha banda a necesidade de sentirnos parte dun todo, dunha sociedade, a mentira de pertenza que se xera ao suplir as relacións que poderíamos chamar "de calidade" por todos estes nexos tan doados de levar a cabo como son as "amizades" das redes sociais, o contacto virtual, esa escravitude que temos a través do aparello móbil que nos leva a miralo case con necesidade aditiva na procura dun novo chío, dunha nova mensaxe de whatsapp, dun novo like, incluso cando estamos xantando, viaxando, cruzando polos pasos de peóns.

Imbuídos nesa realidade virtual, dicimos cousas como "arden as redes" e creamos, somos quen de crear, un mundo no que no fondo somos o centro, escollemos o tipo de novas que nos chegan, bloqueamos a quen non nos interesa e sentímonos acompañados malia estar, moitas veces,

entre catro paredes e ignorando as voces que si que están ao noso carón. A vantaxe da tecnoloxía para comunicación é innegable, mais coido que en moitas ocasións, tendemos ao abuso.

Por iso me interesaba contar unha historia de xente un tanto *outsider* pero que tivese puntos en común con calquera de nós. Todos temos algunha experiencia coa emigración, pode ser propia, pode ser dun achegado. Todas temos algunha experiencia de xente sobrecualificada que non atopa traballo. De relacións de familia e de parella que parecen unha cousa e son outra. E ademais no lugar, no país onde vivimos, dinnos que a emigración é unha aventura, é unha especie de chanzo a maiores para poder realizarnos como persoas, tentando dese xeito paliar a responsabilidade dun país no que non podemos realizarnos como persoas, ou como a persoa laboral que quixeríamos ser, por outras razóns.

Nese sentido, é unha historia sobre falta de oportunidades laborais, frustración, decepción mais tamén de identidade e de reconstrución da mesma na emigración. A moza au-pair non é, ademais, a única que ten ese conflito na novela: Emma, a nai de Samuel, tamén o ten. En que sentido quixeches –ou che saíu- facer unha novela sobre iso, sobre a identidade?

A identidade é unha constante para a persoa emigrante, ou transmigrante se queres. De repente unha persoa sae, máis ou menos voluntariamente, do seu hábitat e ten que mutar. Ten que evolucionar. Nesa evolución hai que escoller se permites permeabilizar todo o novo e interiorizalo e cambiar totalmente, ou se as raíces nas que naciches e fuches criado, nas que tes aos amigos, incluso aos amores, pagan a pena para seren conservadas. Cada persoa escolle colocarse nalgún punto entre estes dous extremos, incluso sendo un Erasmus podes experimentalalo.

Hai xente que elixe ficar sempre e quedar con persoas da mesma procedencia e outra que decide mesturarse o máis posible con outras culturas e realidades e así medrar. Pero a emigración non te deixa indiferente e ser fillo de emigrante, en moitos casos tampouco, xa que, como dis no caso de Emma, para ela ese mundo do que proveñen os pais é un conto, é algo totalmente imposto no que non ten lazos pero lémbrenlle unha e outra vez que provén de alí, que non é unha especie de cidadá de pleno dereito.

Esa lembranza é algo que ela ten interiorizado, realmente non sae do exterior, pero na súa definición de persoa non pode deixar atrás a mensaxe na que medrou. Pola contra hai personaxes nos que mudar de realidade é algo natural, como Nora ou Lekshmi, incluso Samuel e despois está Olivia, que non contaba con atoparse con algo como o Londres que atopa.

Olivia é unha moza de case trinta anos, que medrou como moitos de nós entre referentes americanos e anglosaxóns en xeral. Ela non se considera unha persoa que vaia a verse sorprendida por unha sociedade que ela cre coñecer totalmente. Mais non é así, hai moitísimas cousas da realidade de Londres que lle chaman a atención, que lle supoñen unha discusión co que sempre considerou ou creu, e ese tipo de desafíos lévana a necesidade de decidir quen é, cal é a súa identidade.

A moza au-pair –Olivia– ten unha mentalidade científica –coma a súa xefa, Lisa-. Mais ambas vense sobrepasadas por un acontecemento inesperado, que ten que ver coas emocións e coa nosa parte non racional. En que sentido está neste libro iso, tamén, de fondo? (Esa loita entre razón e emocións, quero dicir).

Eu diría que é o fío condutor. De feito, hai un esforzo consciente en que a linguaxe na primeira metade do libro sexa moito máis matemática, moito máis científica, e segundo avanza a trama,

segundo pasamos un punto que eu considero como o punto de non retorno desde a realidade de Olivia, esa loita entre a creación, máis que o sentimento, e a razón queda totalmente tipificada.

Hai, ou tentei que houbese, unha tendencia narrativa a ocupar máis espazo de emocións e menos de análise, porque tamén os cambios experimentados pola protagonista a levan a sentirse así, unha vez que, por dicilo dalgún xeito, o envoltorio, a crenza, a evidencia experimental, queda sobrepasada, algo externo ten que tomar o relevo. Externo á análise, pero non místico.

En relación con iso, no fondo de varias das historias que conta o libro está o desamor. Olivia séntese non querida polo que foi o seu mozo. Samuel séntese non querido por dúas das persoas máis importantes da súa vida. En realidade, é como se o desamor fose o motor de todo –ou de boa parte- do que pasa. Por algunha razón especial?

Olivia con Brutus eu creo que non é tanto que se sinta non querida, como que se sente culplable por non quererlo. Por suposto asume o papel de dama enfurecida cando a relación se rompe pero porque, como se establece desde o principio, é moi humana e ten unha tendencia a maximizar os sucesos e volvelos dramáticos moi intesa, algo que vai mermando tamén cando esa evolución súa se precipita cara a parte final da novela.

Eu non vexo tanto o desamor como motor, coma o amor, e sei que soa estraño dicilo así porque si que é certo que as referencias explícitas ás relacións de parella parecen estar centradas no desamor, mais para o desamor primeiro ten que haber amor. E a procura dun amor intenso, a aceptación de que o amor non é unha historia perfecta, que ten momentos álxidos e outros que poden ser máis ou menos catastróficos, si que é un motor da novela e da humanidade.

Para Samuel é máis o rexeitamento que o amor, el está bastante resignado a que Nora non o ame, malia que doe, pero o que o destroza, o que non pode comprender é como el é incapaz de romper os lazos coa súa nai pero ela si que os rompe con el, como se fose algo doado, como se puideramos elixir cercenar as partes do cerebro que nos fan amar outra persoa.

Tamén de fondo hai unha reflexión sobre unha sociedade tremendamente clasista –a inglesa, neste caso-. Encarnada por exemplo na figura do pai de Lisa. E ese clasismo –asociado moitas veces ao racismo ou polo menos ao discurso anti-inmigración- é mesmo asumido por persoas en situación de subalternidade que agardan ascender na escala social deixando de ser quen son. Por que esa reflexión?

Pola memoria, e porque Londres e moitas cidades do Reino Unido (estou segura de que moitas cidades de outros lugares) son así. Hai unha parte de responsabilidade en educarnos, en aprender, e sobre todo en lembrar a historia que debería facernos máis proclives a aceptar a diversidade e traballar nunha sociedade igualitaria. Xaora, esa imaxe de Londres que nos venden, onde todo o mundo parece sacado dun episodio de "Speak Up" non é así, para empezar Londres é unha cidade ateigada de culturas onde a maior parte da xente é emigrante.

Iso non quere dicir que unha persoa vaia ir desde Galicia e a traten a pedradas, pero si que é certo que na primeira ocasión na que diga algo, atoparán o seu acento, e dependendo da persoa que o escoite, máis ben da cultura na que medrou a persoa que o escoite, terá unha imaxe preconcebida dela.

É moi doado de entender se empregamos o exemplo contrario, se aquí chega unha persoa desde Senegal, desde Arxentina, desde Alemaña... a reacción ao descubrir a súa procedencia é a distinta por cada persoa coa que fala, e alí o mesmo, pero cando vemos series ou películas

ambientadas en Londres todo o mundo é británico, e marabilloso. Non quería expor unha realidade que non existe, unha realidade onde a emigración fai que moitas, moitísimas conversas se centren en como son as cousas "no país de orixe" comparado "co lugar onde estás".

Lisa séntese superada pola maternidade –e cárgalle a Olivia parte, quizais, de tarefas que son dela-. Para Emma, é un medio para os seus propios fins. Non sei se o libro tiña algún tipo de intención de desmitificación da maternidade, pero algo diso hai. Por que?

Hai catro tipos de maternidade, a de Lisa, a de Emma, a da nai de Olivia e mais da avoa Mercedes. Hai unha intención de desmitificar a maternidade desde o punto de vista de expor que non hai unha única forma de ser nai, que cada nai é un mundo por moito que a través da información externa de publicidade e expectativas sociais, unha nai, polo feito de parir teña que sentirse totalmente feliz, completa, e realizada só porque é nai.

Cada persoa séntese de xeito distinto. Como desmitificación, é máis un ataque directo á idea da conciliación, ese termo que nos venderon e que simplemente significa que hai máis traballo pero falta moito cambio para que a conciliación de facto sexa algo tanxible e non un termo bonito do que falar en programas políticos.

Na propia narración están moi presentes as redes sociais, o cal é moi normal ao ser unha historia ambientada na actualidade. Mais neste caso teñen, penso, unha relevancia simbólica adicional: Olivia vai afastándose dos seus a forza de ignoralas. Por que?

Olivia afástase dos seus a través de ignorar as redes por dous motivos: o primeiro porque precisa afastarse para construír a súa nova identidade, e o segundo porque é exhaustivo manter unha dobre vida. Hai xente que incluso mantén dous móbiles nos primeiros meses nos que se muda a outro país e esa beizón dos medios e redes sociais, da hipercomunicación, acaba xerando unhas expectativas de estar ao día que son demenciais.

Unha non pode tentar ter unha vida en Londres, conversar con persoas de alí, seguir a prensa, entender por que o capítulo de nadal de Dr Who ten esta referencia política e non outra, e estar ao tanto de que vai ese meme que se repite duascenas veces nos miles de grupos e whatsapp que tes e que comeza con nonseique de que teu pai é un elfo. Non se pode porque sería un traballo per se a tempo total. Así que ela vese superada, e non quere entrar e manter unha realidade que custa tanto esforzo e que ao final non lle reporta nada porque ela, onde vive, é en Londres.

Os avós de Samuel poden representar unha xeración que non é a de Olivia –os mozos galegos “estudados” emigrados na era das low cost e as redes sociais- nin a de Emma -os descendentes dunha primeira xeración de emigrados-. Dalgunha maneira, non perderon a ligazón co lugar do que son. Ao contrario da filla. A avoa ten, ademais, uns plans moi concretos para Samu, e tenta educalo conforme a eles. Podes contarnos máis dese personaxe e do que representa?

A avoa Mercedes representa a superación por si propia, non por estar obrigada a render o máximo a expensas do que agarda de ti unha sociedade. Mercedes quere darlle o mellor á súa familia, quere crear ese soño no que a identidade transcende as raíces e o aporte cultural é útil para construír unha persoa que ten soños, independencia, e posibilidade real de acadalos. Téntao con Emma, pero non o consegue, logo Samuel é o seu proxecto persoal de proxección incluso.

Mercedes para a súa idade é unha muller que xa de nova pensaba de xeito moi avanzado, que vía as oportunidades, que é quen de levantar un pequeno emporio e que precisa unha persoa

que sexa o seu legado, pero tamén sabe da importancia da liberdade e da cultura, algo ao que pola súa biografía puido ter acceso en Inglaterra pero non en Galicia, e menos na Galicia do franquismo, logo desexa que a oportunidade de crear a unha persoa forte e lúcida sexa íntegra, que non se perda só porque a súa filla non mira polo neto.

Tanto a avoa, como Julien mesmo –o amigo de Olivia- non deixan tampouco de estar imbuídos nesa ferocidade dunha sociedade hipercompetitiva, clasista... pero xestiónano dun xeito diferente a Emma, por exemplo. En que se distinguen, niso, de Emma ou mesmo de Lekshmi?

Mercedes e Julien acéptanse como son, ambos están orgullosos da súa identidade, non teñen a ningún inimigo interior ao que vencer para se enfrontaren ás regras do xogo. Coñecen o xogo e pode que non lles entusiasme pero parten coa vantaxe de que eles son plenamente conscientes de quen son e non precisan da admiración doutros ou da aceptación doutros para dar pasos adiante e conseguir o éxito.

Lekshmi precisa desligarse da cultura de seus pais, como Emma. Ambas considéranas un lastre, unha perda de tempo, algo innecesario. Mercedes non, e Julien é plenamente consciente de que hai un límite de oportunidades e que hai que aceptalas cando veñen e loitar para saír adiante sen ter que librar batallas con prexuízos internos.

En canto á técnica narrativa, comeza sendo máis lineal para despois ir alternando, no mesmo capítulo, distintas historias. De xeito que os acontecementos vaise acelerando. Como pensaches esa estrutura narrativa, ou polo menos como querías que fose?

Pois precisamente así. Como ben sabes hai un evento relacionado cun tren, e eu quería reflectir ese evento, e o seu ritmo determinante, desde o momento no que o tren sae da primeira estación e todo é un fluír máis lóxico, máis lineal, vaise collendo velocidade, ate o momento final que é tan intenso que parece que o tempo se multiplica e centos de instantes pasan pola mente dunha persoa e polas páxinas dunha novela.

Tamén en relación con iso, é unha novela, pero pode resultar bastante poética no seu estilo. E iso é así pola voz narradora. Teño que confesar que nalgún momento me resultou algo invasiva -contaba demais-. Como quixeches que fose o estilo?

A elección da voz narrativa foi un traballo consciente no que eu quería que houbera un desequilibrio entre as premisas da linguaxe científica e da lírica. Búscase na escrita certa musicalidade que moitas veces debería estar ligada ás cancións que aparecen citadas de xeito explícito (malia que pode ser que esa sonoridade sexa máis como soan na miña cabeza que a melodía específica da canción), e outras a concreción moi abrupta dunha realidade.

Olivia, como protagonista, ou Olivia-Samuel como protagonista, son criaturas de contrastes profundos e de intensa beleza, polo menos para min, e tamén existe a través dese reflexo da morte e dos electróns unha necesidade de "facer unha autopsia" de cada un dos instantes e das pezas que levan á seguinte escena. Se Lisa non fose forense, sería doutro xeito. Se Olivia non fose científica, sería doutro xeito. Pero esa necesidade de contar desde unha perspectiva hiperomnisciente xorde da xénese deses tres personaxes.

Cando os acontecementos se van acelerando, podemos mesmo perder algún detalle, e o fío, se non lemos con atención. Que tipo de pacto buscaches, nese sentido, co lector?

Obviamente o lector é soberano, a historia cae nas súas mans e a interpretación é súa. Sei que é unha novela complexa e estou segura de que é complexa porque nas miñas influencias está xente

como David Simons que está especializado en crear obras corais, como The Wire, nas que perder un detalle pode significar perder o fío momentaneamente pero non a globalidade da historia. Eu creo nunha literatura que teña certo input social, que teña certa mensaxe e que tamén supoña un pouco un reto.

Sería xenial que falando entre dúas persoas que leran o libro atoparan pequenas pistas e referencias que lle dean unha volta á historia ou a algún personaxe. A arquitectura da historia está formulada para que sexa entretida pero, se queres, para que tamén poidas xogar a ver cantas veces, como narradora, es quen de atopar detalles que eu mesma non atopo.

Hai outro personaxe que me interesa, que é George. Tamén arrastrado por unha sociedade que te condena se non cumpres a norma da loita continua polo ascenso. Aínda que tampouco é coma Lisa, educada por ese pai elitista... Podes contarnos máis dos personaxes de Lisa e George e do que representan?

Lisa e George son profesionais liberais británicos, son unha parella do máis convencional. Ela ten esa parte, moi arraigada na clase media británica que provén de clase media, da necesidade de loitar por unha causa (no seu caso a través das cartas que manda ao MP local), e George viviu a cabalo da época post-Beatle, el quixera ser punk pero quedou en broker da City, que ao final é unha inmensa traizón ás súas crenzas orixinarias.

Pero ambos son quen de sobrevivir, de manterse a flote, sobre todo George que afunde unha e outra vez e é quen de reinventarse de novo. Esa capacidade de non ter medo á catástrofe foi unha das características que máis me sorprendeu para ben da sociedade británica. Non pasa nada se deixas o traballo, xa aparecerá outra cousa, e se é noutra cidade vendemos a casa e mercamos outra. Non pasa nada se te trabucas e estudaches, como un gran amigo meu, economía pero o teu é ser cantante de folk.

É cuestión de ter forza e saber xogar todas as mans que che vai dando a vida, as boas, as malas e a as desastrosas, de feito é cuestión e tamén aprender a botar un farol cando é preciso. George ademais ten esa capacidade de reflexión que o leva a non ter medo a pedir perdón ou tentar arranxar o que está roto aínda que non pareza o momento apropiado e Lisa é unha muller increíblemente pragmática, con medo, por iso escolle a especialidade médica que escolle, pero con metas moi claras.

Algo máis que queiras comentar?

Se mo permites a min gustaríame falar tamén dos pais de Olivia, que case non teñen unha liña de texto pero están perpetuamente presentes na novela. Tanto o pai cómplice dela coma a nai de Olivia que é ese modelo de maternidade que queda, que aguanta co que sexa, que está aí tentando formar a unha persoa e trabucándose nos camiños que escolle para ela pero que non pode volver atrás e agarda a oportunidade de se reconciliar co que fixo, porque no fondo o fai por amor e coa mellor das intencións.

Porque nunha novela na que se fala de emigración, en Galicia, na que se trata como en outras a vida do emigrante, é tamén preciso falar do pacto de silencio do que queda, da familia que agarda aquí. Desa familia que no fondo espera que volva, porque non criou a unha filla para mandala lonxe, e que tenta ocultarlle todo o malo que pasa mentres ela está fora sen deixar de preocuparse constantemente dos perigos que pode ter ela no país receptor. Hai un pacto de silencio entre o que queda e o que emigra, no que só se fala de nimiedades e de noticias

terriblemente boas ou terriblemente malas, pero todo o que queda no medio, todo o que tece vida, queda silenciado mentres existe a distancia.